



**Rede de
Candidaturas
Veciñais
de Ourense**

Acta da xuntanza celebrada en Ourense o 27 de novembro de 2016 as 17:00h

Asistentes: Xaquín (Cambio Intelixente de Punxín),
Xosé Antón (VETA Taboadela),
Eladi, (Iniciativa por Xunqueira),
Bernardo (Alternativa Veciñal de O Carballiño),
David (Son de Toén),
Martíño X. (Ourense en Común).
Martíño (Ourense en Común).
Fuco (Veciños de Piñor)
Lucas (Veciños de Piñor)
Manuel (Alternativa por Beariz)

Orde do día:

1- Incendios.

- David enviou polo telegram un ditame do Parlamento de Galicia (BO do Parlamento nº 164 do 13.07.87, segunda lexislatura) sobre os incendios forestais. Reenviarase por mail e whatsapp a toda a REDE-Ou.
- David: a Xunta quere que os concellos cumpran a normativa e obrigar ós veciños a limpar, pero normalmente so o fan se hai algunha "denuncia" previa dalgún veciño.
- Eladi: os concellos non se queren enfrontar ós veciños, son votos perdidos.
- Xaquín: en Punxín, o concello pon un bando para informar que hai que limpar; pero normalmente o que habería que limpar é de veciños que están fora.
- Xosé Antón: son propiedades de terceira ou cuarta xeración, que non saben nin o que teñen nin onde está.
- Manuel: habería que premer ós concellos para que esixan ós veciños o cumprimento da norma.
- Bernardo: a Xunta é a responsable; hai que presentar mocións nos concellos para que lle esixan á Xunta o cumprimento da normativa, porque eles non teñen medios.
- David: o concello debería investigar os propietarios para poder esixirles o cumprimento da lei.



**Rede de
Candidaturas
Veciñais
de Ourense**

- Eladi: se o concello xestionase o cobros dos recibos, entón sabería quen é o propietario.
- Xaquín: os concellos son responsables de actualizar os datos para pasarllos á entidade cobradora.
- Xosé Antón: os concellos teñen que ser máis activos nestes temas; presentar mocións para conseguilo.
- Bernardo: co que costa a extinción dun incendio, pódese pagar toda a prevención dun concello.
- David: os montes non urbanos son competencia da Xunta. Hai que solicitar da Xunta a retirada das brigadas do verán e que se substitúan por brigadas da Xunta, profesionalizadas e formadas, para que traballen no tema da prevención:
 - o Hoxe hai:
 - Brigadas da Xunta.
 - TRAGSA.
 - SEAGA.
 - Empresas de medios aéreos.
 - Brigadas privadas.
 - Protección Civil.
 - UME (costa un millón de euros en dietas)
 - Fan un total de 5.000 persoas pouco preparadas; ca metade ben preparadas, chegaba.

Gástase moi pouco en prevención e o ánimo de lucro está presente en tódalas contratacións.

 - A Xunta financia a limpeza con fondos FEDER.

O custo anual de extinción ronda os dez millóns de euros.
- Manuel: habería que crear un corpo de bombeiros forestais profesionais. No urbano que teña competencia o concello e no resto a Xunta.
- Eladi; hai que premer ós concellos para que presionen á Xunta.
- David: hai que eliminar as brigadas municipais; enviará unha proposta para presentar nos concellos.

2- Remunicipalización de servizos.

- Bernardo: está investigando o tema da auga; o lixo teno unha filial de COPASA.
- Eladi: a lei é para todos; falou con Xaime, de Molgas que está na mesma situación de Xunqueira: dentro da Mancomunidade e ca recollida do lixo cedida a GESECO; están intentando saír da Mancomunidade para recuperar a recollida do lixo, pero están collidos polas débedas e non é doado saír; nos



**Rede de
Candidaturas
Veciñais
de Ourense**

vindeiros días falará con Bernardo, de Allariz, para ver como o xestionan eles.

- Xosé Antón: Allariz, que o xestionan eles, fai a recollida en Taboadela, pero a facturación non é axeitada.

- Xaquín: fixeron un traballo con Piñor e non lles saía tan ben como agora ca Deputación. Debería haber máis de 3 ou 4 concellos para que salgan os números.

- Bernardo: habería que recuperar as mancomunidades pero xestionadas por técnicos, non por políticos como agora.

- David: polos contenedores verdes, amarelos e azuis, os concellos cobran; se se organizara o resto do lixo e o orgánico non fora ós contenedores, poderíase conseguir residuos cero.

- Xosé Antón: en Suíza págase o lixo cando se compran as bolsas: canto máis lixo tires, máis bolsas usas e máis pagas.

- David: fai falta máis concienciación social.

- Fuco: en Piñor os que teñen composteiro pagan menos lixo. Mirará se hai unha ordenanza neste sentido e nola fará chegar.

- Xaquín: comprométese a falar cos "Amigos da Terra".

- Bernardo: a lei de envases en España é moi laxa.

- Fuco: hai que traballar moito máis a concienciación.

- Xosé Antón: traballar o "beneficio obtido" pola reciclaxe ou botar menos lixo.

- Fuco: varios concellos teñen unha planta de clasificación de lixo de reciclaxe e así non dependen de grandes empresas.

- Manuel: hai que decidir que servizos son os que queremos remunicipalizar; podemos solicitar nos concellos o custo de cada servizo.

- Martiño X.: en Ourense teñen unha táboa onde constan os servizos, o custo dos mesmos e a data de finalización do contrato; así van traballando nos que son máis próximos.

- Xosé Antón: os servizos a remunicipalizar serían: lixo, auga e servizos sociais.

- Xaquín: se se piden analíticas das augas, pódense coller as empresas no incumprimento do contrato.

- Bernardo: vai preparar unha moción para o pago da recollida do lixo por Kg porta a porta.

- Manuel: o PP ten máis votos nos núcleos onde hai menos poboación e a xente so mira o que pode obter a cambio de pagar o IBI. Temos que facer de investigadores para poder colle-los en corrupcións.

- Bernardo: a remunicipalización sempre é rendible.

- Xosé Antón: falará con Xan Jardón, de Vilar de Santos.

- Xaquín: hai que vixiar as datas de fin dos contratos e actuar.

3- Apoio a Emilio Cao.

- Manuel: dende a UE van facer que a lei mordaza bote para atrás.
- Xaquín: propón facer un manifesto dende a REDE-Ou en apoio de Emilio. O elaborarán el e Xosé Antón e enviarase ós medios.
- Manuel: se facemos un manifesto, xa nos estamos posicionando e facendo xuízos, e igual non temos toda a información.
- David: a lei mordaza é unha lei fascista e debe ter prioridade a súa derogación.

4- Regulamento da REDE-Ou.

- Martiño X.: no punto 1 habería que engadir "a partir do 20.05.15" para non excluír as candidaturas formadas con posterioridade ás eleccións ou que podan xurdir.
- Eladi: hai que deixar a porta aberta a unha posible unión cara as vindeiras municipais, porque os votos que va a estas agrupacións non teñen futuro na Deputación.
- Martiño X.: se se aposta pola municipalidade, non é a provincia.
- Manuel: nas anteriores xuntanzas xa se acordou que non era un órgano político, senón para entrar na Deputación. Unha opción sería face-lo por as actuais circunscricións electorais.
- Martiño X.: nos seus documentos din que son asemblearios.
- Bernardo: non hai problema en suprimir o da supramunicipalidade e o da execución de tarefas.
- Xosé Antón: na REDE-Ou non se decide: acórdanse temas para debater nos municipios para que queden referendados.
- David: en Taboadela acordouse que se podía estar na REDE-Ou a título persoal ou en representación dun colectivo. Se na REDE-Ou se decide algo, calquera candidatura pode desmarcarse. Cara as vindeiras municipais, xa se estudará o tema de presentarse conxuntamente ou como se fai.
- Bernardo: a REDE-Ou é un órgano de debate.
- Martiño X.: entende a REDE-Ou como un punto de colaboración e para compartir a acción política.
- David: en Taboadela decidiuse que as decisións se tomarían por candidaturas, e por riba deciden as persoas nas asembleas.



**Rede de
Candidaturas
Veciñais
de Ourense**

- Xosé Antón: a asemblea de hoxe verase referendada polas asembleas locais.
- Martiño X.: se a REDE-Ou é un espazo político, OuenC non encaixa.
- David: o regulamento fíxose para poder ter unha forma para tomar algunha decisión e facer traballo.
- Eladi: o regulamento é para organizar o traballo a facer.
- Manuel: na REDE-Ou non se ten por que chegar a conclusións.
- David: dende Ribadavia quérese da REDE-Ou algo máis; en Taboadela aprobouse para pasa-lo as candidaturas e discuti-lo.
- Xaquín: a REDE-Ou é o peso que inclina ou pode inclinar a balanza nas discusións supramunicipais.
- Martiño X.: aquí hai dúas lóxicas: 1-coordinar a supramunicipalidade; 2-espazo supramunicipal.

Dende OuenC farán unha proposta de regulamento para revisar nas agrupacións.

A vindeira xuntanza será no local de Iniciativa por Xunqueira na rúa Concepción Arenal nº 1, de Xunqueira, o 13 de xaneiro, as 19:00 horas, ca seguinte orde do día:

- 1- Regulamento da REDE-Ou.**
- 2- Remunicipalización de servizos: catálogo.**
- 3- Incendios.**

Péchase a xuntanza as 21:00h.